

CASAS SOLAREGAS, FINCAS e PAZOS DE COIRO

“Coiro, a nosa Parroquia”. C. P. Castrillón. 1987

O PAZO: Xistro - Verín.

A GRANXA: A Retirosa. Pazo do Freixo.

DOS MARQUESES: Castro. Granxa.

CASA PARROQUIAL: Igrexario.

LEIRACHAN: Leirachán. Pazo de D^a María.

CASA DO CONDE: Espírito Santo. Rapadouro.

CASA DE MOSQUERA: (Da Señorita). Xistro.

CASA DAS MEIGAS: Carballal.

GRANXA DO CUCO: Costa do Cuco. Rodeira.

PAZO DE REBOREDO: Reboredo.

LEIRACHAN, Pazo de D^a María.

En tempos propiedade de D. Félix de Ozámiz Rodríguez e D^a María de Guzmán, descendente da nobre familia galega dos Troncoso e Lira, da casa de Soutomaior. Vendido posteriormente a D. Teodosio González.

PAZO DE VERIN

Estrutura: Na súa parte inferior ten cinco calabozos onde houbo importantes prisioneiros.

Rodeado de valado.

Rateira e muiño (hoxe sen uso).

Campo: limoeiros, figueiras, laranxeiros, pereiras ...

Canastro do Pazo: 20 metros de longo, 4,50 metros de alto, 2 metros de ancho.

8 pés. (16). O máis grande da Parroquia.

Dividida en dúas casas: Dereita, Concha; Esquerda, D. Antón.

Na dereita (D^a Concha) está o máis representativo hórreo da Parroquia.

Na esquerda (Sr. Antonio) está o pombal de pedra, dous muíños xuntos e un brasón.

A GRANXA DA RETIROSA

Finca tamén chamada A Torre. En tempos habitada por uns mouros chamados "Churruchaos".

Historia: Foi nun principio unha casa de exercicios e meditación que ergueron en 1715 os Xesuítas que estaban establecidos en Pontevedra dende 1650. Extinguida a Orde e perdidas todas as súas propiedades cando foron expulsados de España, no ano 1767, pasou a casa por distintos donos. Un home chamado Juan Ortega era o propietario a finais do século XIX. Na entrada do Pazo están as súas iniciais "J. O." Deixoulla en herdanza a "Cachisas" home que tocaba o piano polas tabernas.

Hoxe os propietarios son os Blanco Cicerón, familiares dos Castroviejo e Sequeiros Matos. Residen na Coruña e habítana no verán. (Caseiro actual Sr. Ríos).

Repartida en tres parcelas; Margarita, Moma, e o médico Carlos.

Características: A propiedade ten 100 ferrados. A casa ocupa algo máis de 550 m². É unha construción sobria de cantería sen pretensións arquitectónicas. Carece do portalón almeado propio dos pazos galegos, e non figuran nel ningún liñaxe pétreo nas súas fachadas, pero non faltan as dependencias típicas deste tipo de edificios: 3 canastros (un deles do s. XVIII), un pombal, 6 pozos (un deles de 1882), un ceador (1891), mesa de pedra. Capela: "Mater Dolorata ora pro nobis". Na fachada. No seu interior ten un fermoso cadro coa imaxe das Dores.

Arborado: 30 camelios grandes, 6 castiñeiros, 9 cerdeiras, 15 maceiras, 60 abetos, 30 ameixeiras, 1 tomada con pantano, 20 limoeiros, 18 pereiras, 10 marmeleiros, 10 palmeiras, 20 piñeiros mansos.

Castiñeiros, piñeiros bravos e piñeiros mansos, carballos, cerdeiras.

Pequeno prado cunha grande palmeira onde hai bancos e unha mesa de mármore. Rodeado de grandes camelios.

CASA PAZO DE MOSQUERA

Pazo pequeno. O seu estado cáse que en ruínas e sen embargo ten un gran eido.

Pertenceu a D. Manuel Mosquera, natural de Sabarís, profesor. Morreu no ano 1950.

Nun canastro, arrimado á parte superior da entrada, aparece este gravado: LMMVPSSED. Tamén hai símbolos que se descoñece o seu significado, están esculpidos na columna da porta: PD.

Actualmente o terreo cultívanno as caseiras que traballan alí.

PAZO DE REBOREDO.

Existiu en Reboredo un pazo ou casa señorial que agora está partida en tres partes.

A casa constaba de baixo, sobrado e faiado.

A dona, Dona Rosa, partiu a casa en catro partes: tres para os seus fillos e unha para ela.

D. Antonio vendeu a súa parte a D.^a Carme Fonseca e o seu marido Manuel Bernárdez, que despois mercarían a parte de D.^a Peregrina. Botarían abaixo a fachada das dúas partes e alongarían. cara adiante a casa. En canto a un vello muro a punto de virse abaixo, construíron un novo deixando a cruz que alí agora sigue.

Os actuais propietarios da casa que ten o brasón (sobrado e 2.^o piso) son D.^a Xoaquina Rouco Chapela e Manuel Rouco.

O propietario do baixo é D. Maximino Rouco (neto de D.^a Rosa).